

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VILAGARCÍA DE AROUSA****Subvencións e axudas***PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS A CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA CONCELLO
DE VILAGARCÍA 2018*

Bases Reguladoras da Convocatoria 2018 do Concello de Vilagarcía de Arousa de Subvencións a Empresas para a Contratación de Traballadores/as desempregados/as por conta allea .

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión do día 23 de abril de dous mil dezaoto, adoptou, entre outros o seguinte acordo relativo as Bases Reguladoras da Convocatoria do Concello de Vilagarcía de Arousa de Subvencións a empresas para a Contratación de Traballadores desempregados por conta allea , cuxo texto e anexos transcríbense a continuación

INTRODUCCIÓN

O Concello de Vilagarcía de Arousa ven deseñando políticas locais de emprego e promoción económica.

A Concellería de Promoción económica ven desenvolvendo un amplo conxunto de programas, proxectos e medidas co propósito de que poidan contribuír, na medida das posibilidades coas que conta unha administración local, a fomentar a creación de máis postos de traballo e de empresas nas que traballar.

A actual convocatoria de axudas á contratación por conta allea, está rexida pola normativa de subvencións contida basicamente na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regular a concesión de subvencións no exercicio 2018, para o fomento e mantemento do emprego por conta allea, de persoas empadroadas no municipio (con antigüidade mínima de un ano no padrón no momento de iniciarse a contratación), a tempo completo (en calquera das modalidades contractuais vixentes), cunha duración mínima de seis meses, formalizados entre o 1 de decembro de 2017 e 30 de novembro de 2018

Non obstante a XGL poderá acordar o outorgamento da subvención para contratacións a tempo parcial no caso de que pola natureza da actividade da empresa, a xornada de traballo sexa inferior á legalmente establecida para ser considerada "a tempo completo". Esta excepción aplicarase exclusivamente cando a/s contratación/s teñan carácter indefinido.



A efectos destas bases considéranse subvencionables as contratacións seguintes:

- Indefinida.
- Conversión de contrato temporal/duración determinada en indefinido.
- Temporal/duración determinada.

Poderán ser obxecto de subvención un máximo de tres contratacións por empresa.

A limitación no número de contratacións a subvencionar, quedará sen efecto no caso de que á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes quedara remanente na aplicación orzamentaria. Neste caso, as empresas terán dereito á percibir subvención polos contratos que excedan o devandito límite, na contía que resulte da aplicación de baremo de puntuación, sempre que formalizaran a solicitude no prazo xeral establecido nestas bases. Aos efectos de aplicación do previsto neste parágrafo, terase en conta a data de presentación da solicitude.

SEGUNDA. BENEFICIARIOS

1.—Poderán ser beneficiarias das subvencións as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado radicadas nas comarcas do Salnés e Caldas, que formalicen, para prestar servizos nas mesmas, contratos por conta allea con traballadores e traballadoras empadroados no municipio de Vilagarcía de Arousa, nas que non concorran, en xeral, as circunstancias excluíntes sinaladas na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

a) Quedarán excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, as empresas sancionadas pola comisión de infraccións tipificadas en tal materia no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, aprobado por Real decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto e modificacións posteriores.

b) Non se poderán amortizar postos de traballo fixos nos seis últimos meses anteri ores ás novas contratacións ou conversións, mediante despedimentos declarados improcedentes, ou regulacións de emprego. Non se entenderá reducido o persoal polas devanditas causas cando, con anterioridade ás devanditas contratacións ou conversións, procedeuse á cobertura da vacante mediante unha relación xurídica da mesma natureza que a anterior.

2.—Non poderán ser beneficiarias destas subvencións:

- As Administracións Públicas, as Sociedades Públicas nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.
- As empresas acollidas a plans de reconversión.
- As empresas que non se atopen ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, coa Administración Tributaria Estatal, coa da Xunta de Galicia ou co Concello de Vilagarcía de Arousa por calquera tipo de débeda de dereito público vencida, liquidada e esixible por vía de constrinximento.



- As empresas que fosen sancionadas mediante sentenza firme por vulnerar os dereitos fundamentais e as liberdades dos traballadores nos seis meses anteriores á formalización da contratación sempre que a infracción fose cualificada de infracción grave ou moi grave.
- As empresas que fosen sancionadas con carácter firme por producirse accidentes de traballo por incumprimento da adopción das medidas de seguridade nos seis meses anteriores á formalización da contratación, sempre que a infracción fose cualificada de grave ou moi grave.
- E, con carácter xeral, as empresas que formalicen contratos de traballo infrinxindo a lexislación laboral e demais normativa vixente en materia de Seguridade Social e Prevención de Riscos Laborais.

TERCEIRA.—CONTRATACIÓNS. REQUISITOS

1.º Estar en situación de desemprego. Poderán ser obxecto de subvención os contratos formalizados con persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no SPEG, fóra das conversións de contratos temporais en indefinidos.

2.º Empadroadas no municipio de Vilagarcía de Arousa. As persoas para contratar/contratadas, deberán levar empadroadas no municipio de Vilagarcía de Arousa, polo menos un ano, no momento de formalizar a contratación/conversión pola que se solicita a subvención.

O cumprimento dos requisitos entenderase referido ao momento de iniciar a relación laboral ou no seu caso da conversión de contrato temporal en indefinido.

3.º Situacións que dan lugar a subvención. As empresas deberán acreditar que as contratacións para as que se solicita subvención encádranse nalgún dos tres apartados que a continuación se detallan:

Apartado primeiro

1.—Persoas beneficiarias de programas de formación: Con certificado/s diploma/s de formación ocupacional para o emprego, acreditativo de concluír satisfactoriamente un proceso formativo ocupacional nos dous anos previos á contratación e que sexan contratadas nunha ocupación relacionada coa formación recibida.

2.—Primeiro/a empregado/a de empresa (entendendo por tal o/a primeiro/traballador/a que figure dado/a de alta na Seguridade Social nun centro de traballo nas comarcas de Salnés e/ou Caldas).

3.—Mozos/as menores de 30 anos.

4.—Persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 66%.

5.—Persoas maiores de 45 anos.



6.—Mulleres vítimas de violencia de xénero.

7.—A contratación da persoa en situación de desemprego total ininterrompido durante o ano anterior á data de formalización da contratación.

Apartado segundo

1.—Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa. Os contratos celebrados para prestar servizos en centros de traballo radicados no municipio de Vilagarcía de Arousa

Apartado terceiro

1.—Contratacións de traballadores/as, non incluídos nos apartados anteriores.(Primeiro e segundo).

4º Formalización das contratacións. As contratacións e as transformacións obxecto de subvención, deberán formalizarse por escrito e comunicarse á Oficina do Servizo Público de Emprego na forma regulamentariamente establecida.

5º Xornada. A xornada laboral dos contratos será a tempo completo, coa salvedade contemplada no parágrafo segundo da Base Primeira.

CUARTA.—CONTRATOS. EXCLUSIÓNS

1. Os contratos celebrados con persoas incursas nos seguintes supostos:

- O propio empresario.
- Os socios daquelas entidades sen personalidade xurídica.
- Os administradores, apoderados e membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade.
- Os socios de empresas que revistan a forma xurídica de sociedade que posúan polo menos a terceira parte do capital social.

2. Os celebrados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade, afinidade ou adopción, ata o segundo grao inclusive, das persoas incursas nos supostos do número anterior.

3. As relacións laborais de carácter especial contempladas no artigo 2.1 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, ou noutras disposicións legais.

4. Os contratos realizados por empresas ou grupo de empresas, para postos de traballo que xa foran obxecto de subvención ó abeiro bases de axudas á contratación por conta allea do Concello de Vilagarcía de Arousa e/ou calquera programas de estímulos á contratación, dalgunha Administración Pública.



5. Os contratos realizados por empresas ou grupo de empresas, cos mesmos traballadores cuxa contratación xa fora obxecto de subvención ó abeiro das bases de axudas á contratación por conta allea do Concello de Vilagarcía de Arousa e/ou calquera programas de estímulos á contratación dalgunha, Administración Pública.

6. As subvencións previstas nestas bases serán incompatibles coas establecidas nos Programas de Fomento da Contratación por conta allea convocados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria. E serán compatibles de ser o caso, coas bonificacións ás cotizacións á Seguridade Social.

As exclusións do apartado 4 non se aplicarán cando se trate de conversións de contratos temporais/duración determinada en indefinidos.

QUINTA. PERSOAL DAS EMPRESAS

1.—As contratacións indefinidas/conversión de contratos temporais/duración determinada en indefinidos obxecto de subvención, deberán necesariamente supoñer, nos centros de traballo radicados nas comarcas do Salnés/Caldas, un incremento neto do persoal fixo da empresa no mes da contratación.

2.—As contratacións temporais de duración determinada, deberán necesariamente supoñer, nos centros de traballo radicados nas comarcas do Salnés/Caldas polo menos un mantemento neto de persoal fixo no mes obxecto da contratación.

SEXTA.—MODALIDADES CONTRACTUAIS-REQUISITOS E CONTÍAS DAS SUBVENCIÓNS

Poderán ser obxecto de subvención, os contratos laborais seguintes:

- Contratos indefinidos, que teñen por finalidade elevar o nivel do emprego estable e de calidade, fomentando a creación de postos de traballo ligados por contratos de natureza indefinida.
- Conversións de contratos temporais/duración determinada en indefinidos, cuxa finalidade é fomentar a estabilidade no emprego a través do apoio á conversión de contratos temporais/de duración determinada en indefinidos.
- Contratos de obra ou servizo e outras modalidades contractuais de carácter temporal ou duración determinada, sendo a duración mínima inicial dos contratos de 6 meses (sen que se admita prórroga do contrato inicial, nin a sucesión de contratos temporais en fraude de lei). Nos contratos de obra ou servizo deberá certificarse unha duración temporal mínima por ese tempo.

As contías das subvencións estarán en función de tres variables:

1.^a A duración do contrato para o que se solicita subvención, sendo o mínimo de seis meses.

2.^a Tipo de empresa (número de traballadores e/ou antigüidade da empresa). Ambos os requisitos haberán de cumprirse o último día do mes da contratación/conversión. A determinación do número de traballadores, referirase ao total dos centros de traballo nas Comarcas do Salnés e Caldas e con independencia do carácter temporal ou indefinido da contratación e da xornada laboral.



Mércores, 2 de maio de 2018

Núm. 84

3.^a As situacións ás que se refiren a base terceira, punto tres. Segundo o apartado no que se atope, a cada unha das tres variables asígnaselles unha puntuación (táboa n.º1). A suma dos puntos obtidos será a que determine a contía máxima da subvención (táboa n.º2)

Taboa n.º 1

Duración do contrato	Puntos	Tipo de empresa	Puntos	Colectivo segundo a base terceira. Punto 3	Puntos
Mínimo 6 meses e ata 12 meses	0	Empresa que non se atope nos apartados seguintes	0	Apartado 3	0
Desde 12 ata 24 meses	1	Empresa que teña entre tres e dez anos de antigüidade ou entre 10 e 50 traballadores.	1	Apartado 1	2
Máis de 24 meses ou contratos indefinidos/conversións	2	Empresa que teña menos de tres anos de antigüidade ou menos de 10 traballadores.	2	Apartado 2	1

Taboa n.º 2

Puntuación obtida segundo a táboa n.º 1	Subvención máxima proposta
0	500 €
1	1.000 €
2	1.500 €
3	1.750 €
4	2.250 €
5	2.750 €
6	3.000 €

* *Antigüidade da empresa: A efectos de esta subvención considerarase como antigüidade da empresa a data na que conste a inscrición da empresa na Administración da Seguridade Social.*

SÉTIMA. RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.



OITAVA. CRÉDITO ORZAMENTARIO

Crédito ano 2018: O importe total máximo autorizado é de 50.000 Euros, a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 241-470. Fomento de empresas -Subvención para o Fomento de Emprego

NOVENA. TRAMITACIÓN E SEGUIMIENTO

- De acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, o órgano competente para a tramitación do procedemento comezará a instrución dos expedientes por orde de entrada na unidade de tramitación atendendo ao disposto no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, concedendo a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito. O órgano xestor publicará na Sede Electrónica (sede.vilagarcia.gal) e na páxina web do Concello de Vilagarcía o esgotamento da partida orzamentaria e non tramitará as solicitudes posteriores destinadas á subvención.
- Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude, o crédito esgotarase nela coa porcentaxe de axuda que resulte.
- Conforme o artigo 68 da Lei 39/2015, se a solicitude de axuda non reúne os requisitos esixidos nesta lei e na presente resolución, a persoa interesada será requirida para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do devandito requirimento, rectifique a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixese, procederase conforme ao que determina o artigo 21 da citada lei.
- Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao/á solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento e canta documentación se considere precisa co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención
- Os expedientes que non cumplan as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na que se indicarán as causas da mesma.

*DÉCIMA. SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN**1.—Solicitudes/documentación*

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación das presentes bases reguladoras. Presentaranse tantas solicitudes como contratos para os que se solicita subvención.

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (Anexo I), presentaranse **TELEMÁTICAMENTE** a través da Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa (sede.vilagarcia.gal) nos termos que establece a lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.



A documentación complementaria deberá presentarse por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se o/a interesado/a presenta a documentación complementaria de xeito presencial, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerárase como data de presentación aquela en que foi realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberá indicar a referencia do expediente e departamento responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número do expediente, se dispón del.

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de dez días resolva/n a falla ou achegue/n os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non se fixese, desistírase da súa solicitude, arquivándose a/s mesma/s, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de dúbida sobre a documentación presentada, será a Comisión de Valoración integrada polos servizos técnicos e xurídicos do Concello, quen decida.

Toda a documentación deberá presentarse **TELEMÁTICAMENTE** debendo constar nos documentos que así o requiran, a sinatura dixital do interesado

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación das presentes bases reguladoras.

Todos os trámites administrativos que os/as interesados deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados por vía telemática accedendo á carpeta de interesado/expediente dispoñible na sede electrónica do concello.

As solicitudes (Anexo I) dirixiranse á Concellería de Promoción Económica debendo ir acompañadas da seguinte documentación:

- 1.—Anexo I. Solicitude en modelo normalizado.
- 2.—Anexo II. Declaración responsable
- 3.—De actuar por medio de representante, documento que acredite a representación nos termos do artigo 5 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- 4.—Certificado de IAE da empresa
- 5.—NIF/DNI da empresa/empresario/a individual solicitante da axuda e, no seu caso, copia do contrato/escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil



Mércores, 2 de maio de 2018

Núm. 84

6.—Certificados de que a empresa solicitante esta ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria)

7.—Vida laboral da empresa expedida pola TGSS (dos CCC existentes) relativa aos 6 meses anteriores á contratación ou transformación de contrato temporal en indefinido.

8.—Documento/s acreditativos da antigüidade da empresa e do número de traballadores da mesma

9.—Copia do contrato de traballo e comunicación á oficina do SPEG correspondente da contratación ou transformación obxecto de solicitude de subvención, con constancia expresa da situación do centro de traballo nas comarcas Salnés/Caldas ou de ser o caso, no Concello de Vilagarcía.

10.—Solicitude de licenza de apertura, licenza de obras ou comunicación previa cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.

11.—DNI/NIF do/s traballador/as contratado/as

12.—Certificado de empadramento do traballador/a contratado.

13.—Vida laboral do traballador/a contratado/a

14.—Certificación de períodos de inscrición como demandante de emprego do traballador/a contratado/a

15.—Nos casos de atoparse nas situacións da Base terceira, Apartado Primeiro e segundo a situación que se pretenda acreditar:

Punto 1.—Certificado ou diploma acreditativo da formación comprensivo dos contidos da mesma e indicación, en caso necesario, da relación coa ocupación.

Punto 2.—Acreditación mediante vida laboral de empresa e traballador respectivamente.

Puntos 3 e 5.—DNI dos traballadores/as contratados/as

Punto 4.—Resolución vixente da acreditación da discapacidade e do seu grao.

Punto 6.—Mediante orde de protección a favor da vítima, resolución xudicial, auto ou sentenza que acredite tal situación ou fixe medidas de protección, e excepcionalmente, mediante informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero, ata tanto se dite a orde de protección.

Punto 7.—Acreditación mediante vida laboral do traballador

16.—No caso de atoparse nas situacións da Base terceira, Apartado Segundo : Documentación acreditativa de que a empresa ten Centro de Traballo no Concello de Vilagarcía de Arousa

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos ou falte algún documento que segundo a base 4ª resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de dez



días resolva/n a falla ou achegue/n (vía telemática) os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non se fixese, desistírase da súa solicitude, arquivándose a/s mesma/s, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

No caso de dúbida sobre a documentación presentada, será a Comisión de Valoración integrada polos servizos técnicos e xurídicos do Concello, quen decida.

2.—Obrigas

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

1.—Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

2.—Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que está ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.

3.—Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello Vilagarcía.

4.—Non procederá o pago da subvención en tanto a persoa ou empresa beneficiaria non acredite estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

5.—Manter a contratación que fundamente a concesión da subvención durante o tempo especificado na solicitude. No suposto de non cumprirse dito prazo, deberá comunicar esta circunstancia ó Concello de Vilagarcía. O incumprimento desta obriga de comunicación pola empresa beneficiaria, comportará o reintegro da totalidade da axuda.

6.—Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

O/A beneficiario/a deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo, para o cal deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

3. Prazo de presentación das solicitudes. O prazo de presentación de solicitudes será ata o 30 de novembro de 2018 ou ata esgotar o orzamento, e se contará a partir do día seguinte á data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos/as solicitantes, previa solicitude que debe presentar no rexistro xeral do Concello.



UNDÉCIMA. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

O servizo xestor, Concellería de Promoción Económica, que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando a adecuada xustificación da mesma, sen prexuízo da fiscalización que corresponda ó departamento de intervención.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Concellería de Promoción Económica.

O prazo para resolver será, como máximo, de dous meses dende a presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello e en todo caso, dentro do exercicio 2018. As solicitudes irán resolvéndose a medida que se vaian presentando.

Transcorrido o devandito prazo de dous meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición nos termos e prazo do artigo 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, en calquera momento a partir do día seguinte ao vencemento dos dous meses sen que se dite resolución expresa.

O acordo da Xunta de Goberno Local, será notificado por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello, podendo a tal efecto o interesado designar unha dirección de correo electrónico para recibir os avisos de posta a disposición de calquera notificación que se dite dentro do seu expediente.

Contra dita resolución cabe interpoñer recurso perante a xurisdición contenciosa, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso- administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa.

Asemade, poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Unha vez concedidas as axudas faranse efectivas nun pagamento único

Notificada a concesión da correspondente axuda, o beneficiario deberá presentar no prazo de 20 días hábiles, unha fotografía do cartel informativo da subvención (que será subministrado pola Concellería de Promoción Económica), colocado en lugar visible do domicilio social da empresa

DUODÉCIMA. PUBLICIDADE

1.—Publicidade da convocatoria e das Bases Reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2018 do Programa de axudas á contratación de traballadores por conta allea do Concello de Vilagarcía de Arousa, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web www.vilagarcia.es, na Sede Electrónica do Concello sede.vilagarcia.gal e no Taboleiro de Edictos, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.



As bases reguladoras, convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes, estarán a disposición dos interesados, na sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa (sede.vilagarcia.gal)

2.—Publicidade das subvencións concedidas.

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou no seu caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas, no Taboleiro de Edictos do Concello de Vilagarcía de Arousa, na Sede electrónica do Concello (sede.vilagarcia.gal) e na páxina web do Concello www.vilagarcia.es.

3.—Publicidade do financiamento público.

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Vilagarcía de Arousa. O modelo normalizado do cartel será subministrado pola Concellería de Promoción Económica.

DÉCIMO TERCEIRA.—TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas só serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter estas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos o Concello de Vilagarcía.

A presentación de solicitude de subvención implicará a aceptación da cesión dos datos contidos na mesma e dos relativos á subvención, no seu caso, concedida, así como o consentimento expreso para o Concello de Vilagarcía de Arousa poida levar a cabo o tratamento dos mesmos, sempre para o cumprimento das finalidades anteriormente indicadas. Así mesmo, infórmase que os traballadores poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación dos datos mediante comunicación escrita ao Concello de Vilagarcía de Arousa.

A estes efectos, as entidades deberán informar e obter o consentimento expreso dos traballadores de acordo co previsto na normativa de protección de datos.

DÉCIMO CUARTA.—PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.



Mércores, 2 de maio de 2018

Núm. 84

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En relación ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO QUINTA.—NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lexislación básica do estado en materia de Réxime Local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

DÉCIMO SEXTA —DISPOSICIÓN ADICIONAL

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 241-470 Fomento de empresas – subvencións para o fomento do emprego” do orzamento municipal para o ano 2018, cun importe total de 50.000 € .

Poderase ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria, logo de declaración de dispoñibilidade do crédito nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

DÉCIMO SÉTIMA—DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P.

O Concello de Vilagarcía de Arousa quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

Vilagarcía ... de 2018- O Alcalde-Presidente Alberto Varela Paz



Mércores, 2 de maio de 2018

Núm. 84

PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2018
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

ANEXO I. SOLICITUDE

SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA			NIF/CIF
RÚA		LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	CENTRO DE TRABALLO/CONCELLO		
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	PERSOA DE CONTACTO A EFECTOS DE TRAMITACIÓN DO	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

--	--	--	--

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

NOTÍFIQUESE A: **PERSOA SOLICITANTE** **PERSOA REPRESENTANTE**

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica do Concello a través da sede electrónica do Concello sede.vilagarcia.gal

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

electrónico facilitado a seguir:

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------	----------------------

<p>SURVENCIÓN QUE SE SOLICITA (marque cunha cruz)</p> <table border="1"> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Contratación indefinida inicial</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Conversión contratación temporal en indefinida</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Contrato temporal (duración mínima 6 meses)</td></tr> </table>	<input type="checkbox"/>	Contratación indefinida inicial	<input type="checkbox"/>	Conversión contratación temporal en indefinida	<input type="checkbox"/>	Contrato temporal (duración mínima 6 meses)	<p>Circunstancias da persoa contratada (Base terceira)</p> <table border="1"> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Persoa beneficiaria de Programas de Formación con Certificado de profesionalidade</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Primeiro empregado da empresa en centro de traballo nas comarcas Salnés/Caldas</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Mozos menores de 30 anos</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior a 66%</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Persoas maiores de 45 anos</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Mulleres vítimas de violencia de xénero</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Persoa en situación de desemprego ininterrompido durante o ano anterior á formalización do contrato</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Contratación de traballadores non incluídos nos apartados anteriores</td></tr> </table>	<input type="checkbox"/>	Persoa beneficiaria de Programas de Formación con Certificado de profesionalidade	<input type="checkbox"/>	Primeiro empregado da empresa en centro de traballo nas comarcas Salnés/Caldas	<input type="checkbox"/>	Mozos menores de 30 anos	<input type="checkbox"/>	Persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior a 66%	<input type="checkbox"/>	Persoas maiores de 45 anos	<input type="checkbox"/>	Mulleres vítimas de violencia de xénero	<input type="checkbox"/>	Persoa en situación de desemprego ininterrompido durante o ano anterior á formalización do contrato	<input type="checkbox"/>	Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa	<input type="checkbox"/>	Contratación de traballadores non incluídos nos apartados anteriores
<input type="checkbox"/>	Contratación indefinida inicial																								
<input type="checkbox"/>	Conversión contratación temporal en indefinida																								
<input type="checkbox"/>	Contrato temporal (duración mínima 6 meses)																								
<input type="checkbox"/>	Persoa beneficiaria de Programas de Formación con Certificado de profesionalidade																								
<input type="checkbox"/>	Primeiro empregado da empresa en centro de traballo nas comarcas Salnés/Caldas																								
<input type="checkbox"/>	Mozos menores de 30 anos																								
<input type="checkbox"/>	Persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior a 66%																								
<input type="checkbox"/>	Persoas maiores de 45 anos																								
<input type="checkbox"/>	Mulleres vítimas de violencia de xénero																								
<input type="checkbox"/>	Persoa en situación de desemprego ininterrompido durante o ano anterior á formalización do contrato																								
<input type="checkbox"/>	Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa																								
<input type="checkbox"/>	Contratación de traballadores non incluídos nos apartados anteriores																								
<p>DURACIÓN CONTRATO-TIPO DE EMPRESA (hase sexta)</p> <table border="1"> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Contratación entre 6 e 12 meses</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Contratación entre 13 e 24 meses</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Contratación máis de 24 meses/indefinido/ Conversión</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Empresa entre a 10 anos antigüidade ou entre 10 e 50 traballadores.</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Empresa menos tres anos de antigüidade ou menos de 10 traballadores</td></tr> <tr><td><input type="checkbox"/></td><td>Outros</td></tr> </table>	<input type="checkbox"/>	Contratación entre 6 e 12 meses	<input type="checkbox"/>	Contratación entre 13 e 24 meses	<input type="checkbox"/>	Contratación máis de 24 meses/indefinido/ Conversión	<input type="checkbox"/>	Empresa entre a 10 anos antigüidade ou entre 10 e 50 traballadores.	<input type="checkbox"/>	Empresa menos tres anos de antigüidade ou menos de 10 traballadores	<input type="checkbox"/>	Outros													
<input type="checkbox"/>	Contratación entre 6 e 12 meses																								
<input type="checkbox"/>	Contratación entre 13 e 24 meses																								
<input type="checkbox"/>	Contratación máis de 24 meses/indefinido/ Conversión																								
<input type="checkbox"/>	Empresa entre a 10 anos antigüidade ou entre 10 e 50 traballadores.																								
<input type="checkbox"/>	Empresa menos tres anos de antigüidade ou menos de 10 traballadores																								
<input type="checkbox"/>	Outros																								

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromsv/getdocfromsvform.xhtml>
Código seguro de verificación:N4JHXW3C2ML7FXH



ANEXO I (Continuación)**LICENCIA DE APERTURA E/OU COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE DA EMPRESA
CONTRATANTE AO CONCELLO DE VILAGARCÍA**

- RESOLTA FAVORABLEMENTE
- EN TRÁMITE
- NON É PRECISA (Fundamentar a exención)

A PERSOA (física ou xurídica) SOLICITANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos polos que solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou concedéronse outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que en relación coas axudas de mínimos:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda de mínimos
- Si solicitou e/ou concedéronse axudas de mínimos, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime de mínimos doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións.



Mércores, 2 de maio de 2018

Núm. 84

ANEXO II DECLARACIÓN RESPONSABLE

Que á vista do Acordo da Xunta de Goberno Local relativo á aprobación das Bases e convocatoria para o ano 2018 do Programa de Axudas Municipais á Contratación por Conta allea, e despois de coñecer e aceptar as súas bases reguladoras,

DECLARO:

Que **A EMPRESA CUMPRE OS REQUISITOS** das bases reguladoras e convocatoria do Programa de Axudas Municipais á Contratación por conta allea:

REQUISITOS DA EMPRESA SOLICITANTE	Si	NON
A Empresa contratante ten condición de persoa física ou xurídica de carácter privado		
A Empresa radica na comarca Salnés/Caldas		
O lugar de prestación de servizos do traballador será nas comarcas Salnés/ Caldas		
A contratación será a xornada completa (1)		
A persoa contratada figura empadroada no Concello de Vilagarcía con antigüidade mínima dun ano, antes da formalización da contratación		
A persoa contratada está desempregada e inscrita como demandante de emprego no SPEG		
A empresa e todos os promotores non teñen débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e facenda, coa AEAT, nin co Concello de Vilagarcía de Arousa		
E empresa non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas nas presentes bases, no artigo 10 da Ley de Subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Ley da Lei Xeral de Subvencións (nin a empresa nin os promotores)		

Que **ACEPTO** as actuacións de comprobación e seguimento que se leven a cabo pola Comisión de Valoración e Seguimento do Servizo de Promoción Económica, segundo o estipulado nas bases e convocatoria para o ano 2018 do Programa de Axudas á Contratación por conta allea Concello de Vilagarcía de Arousa 2018.



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

Para a solicitude da Axuda Municipal á Contratación por conta allea presentárase (TELEMÁTICAMENTE) a seguinte documentación:

- Anexo I.** Solicitude en modelo normalizado.
- Anexo II.** Declaración responsable
- De actuar por medio de representante, acreditación da representación nos termos do artigo 5 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Certificado de IAE da empresa
- NIF/DNI da empresa/empresario/a individual solicitante da axuda e, no seu caso, copia do contrato/escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil
- Certificados de que a empresa solicitante esta ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria)
- Vida laboral da empresa expedida pola TGSS (dos CCC existentes) relativa aos 6 meses anteriores á contratación ou transformación de contrato temporal en indefinido.
- Documento expedido pola TGSS acreditativo da antigüidade da empresa e número de traballadores da mesma
- Copia do contrato de traballo e comunicación á oficina do SPEG correspondente da contratación ou transformación obxecto de solicitude de subvención, con constancia expresa da situación do centro de traballo nas comarcas Salnés/Caldas ou de ser o caso, no Concello de Vilagarcía.
- Solicitude de licenza de apertura, licenza de obras ou comunicación previa cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.
- DNI/NIF do/s traballador/as contratado/as
- Certificado de empadramento do traballador/a contratado.
- Vida laboral do traballador/a contratado/a
- Certificación de períodos de inscrición como demandante de emprego do traballador/a



- Nos casos de atoparse nas situacións da Base terceira, Apartado Primeiro e segundo a situación que se pretenda acreditar:

Punto 1.- Certificado ou diploma acreditativo da formación comprensivo dos contidos da mesma e indicación, en caso necesario, da relación coa ocupación.

Punto 2.- Acreditación mediante vida laboral de empresa e traballador respectivamente.

Puntos 3 e 5.- DNI dos traballadores/as contratados/as

Punto 4.- Resolución vixente da acreditación da discapacidade e do seu grao.

Punto 6.- Mediante orde de protección a favor da vítima, resolución xudicial, auto ou sentenza que acredite tal situación ou fixe medidas de protección, e excepcionalmente, mediante informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero, ata tanto se dite a orde de protección.

Punto 7.- Acreditación mediante vida laboral do traballador

